




UNIVERSITAT DE VIC
UNIVERSITAT CENTRAL
DE CATALUNYA



TERCEIRO SIMPOSIO SOBRE APRENDIZAXE COOPERATIVA: ENSINAR A APRENDER EN EQUIPO

(PROGRAMA CA/AC: "COOPERAR PARA APRENDER / APRENDER A COOPERAR")

VIGO, 1 Y 2 DE XULLO DE 2015

CUARTA E ÚLTIMA CIRCULAR – 20 DE MAIO DE 2015

A REDE KHELIDÔN DE CENTROS PARA A APRENDIZAXE COOPERATIVA (da que xa vos falamos en outras ocasións) será inscrita no Registro de Asociaciones de la Universidad de Vic – Universidad Central de Catalunya (UVic-UCC), que lle dará cobertura legal. Este III Simposio, pois, xa está organizado por a Rede Khelidôn no marco das actividades do Centro de Formación Continua da UVic-UCC. Por este motivo, xa aparecen nesta circular o logotipo de ambas institucións.

Esta é a última circular que vos mandamos. É posible, de todos os modos, que o programa definitivo sufra ainda alguma pequena modificación.

Nesta presentación queremos sinalar que é necesario que prestedes unha especial atención a algúns dos apartados desta circular:

Apartado 3: A quien vai dirixido o Simposio e condicións para poder participar nel. Ledeo. Hai novedades con relación ás circulares anteriores.

Apartado 6: Na inscrición hai que sinalar tres dos “debates para avanzar”, por orde de preferencia, posto que se limita a 20 o número dos participantes.

Apartado 7: Engadíuse unha nova Mesa de Comunicacións. Agora haberá 11 en total.

Apartado 8: Para os que non vos acabades de animar a presentar unha comunicación, lede este apartado onde se aportan algunas ideas para as comunicacións e orientacións para a súa presentación: veredes que non é tan complicado como parece...

Apartado 9: Por fin teremos a primeira Asemblea Xeral da Rede Khelidôn, a que vai ser a asamblea constitutínte desta rede de centros para a aprendizaxe cooperativa, da que vimos falando desde o Simposio de Donostia.

Apartado 10: Aquí encontraredes as instrucións para facer correctamente a Inscrición ao Simposio. Léideas con atención antes de iniciar o proceso de encher o formulario.

Agardámossos en Vigo!

O Comité Organizador

1. Días e lugar de celebración

O *III Simposio sobre Aprendizaxe Cooperativa: Ensinar a aprender en equipo* celebrarase na cidade de Vigo, os días 1 e 2 de xullo de 2015 no seguinte centro:

IES POLITÉCNICO DE VIGO

Rúa Torrecedeira, 88. 36208 Vigo.

Tfno. 986 213 025 / ies.politecnico.vigo@edu.xunta.es.

2. Presentación e obxectivos xerais

Desde o primeiro Simposio celebrado en Vic no ano 2011, vimos reflexionando e debatindo ao redor dunha serie de cuestións ou retos que se nos teñen presentado na aplicación do Programa CA/AC.

Neste terceiro Simposio pretendemos presentar xa algúns marcos de referencia e experiencias moi interesantes ao redor destes retos.

O primeiro día do Simposio centrarase fundamentalmente en varios “DEBATES PARA AVANZAR” que se desenvolverán de forma simultánea:

- Por a mañá, en cada debate presentarase un pequeno relatorio a modo de marco de referencia e ofreceranse algunas experiencias prácticas a modo de ilustración do que xa se está conseguindo na práctica.
- Por a tarde, os participantes en cada debate, aportarán o seu punto de vista e, xuntamente cos relatores, debatirán sobre os respectivos temas e intentarán chegar a algunas conclusións que se presentarán, en forma de documento final, na clausura do Simposio.

O segundo día do Simposio os participantes terán a oportunidade de aportar unha comunicación relacionada coa súa experiencia ao redor da aprendizaxe cooperativa que queira compartir e discutir cos seus “colegas”: sexa unha experiencia máis ou menos positiva, sexa un problema que se atopou e non sabe como solucionar, sexa un reto que se lle ten plantexado e non sabe como superar... Estas comunicacóns presentaranse en dous bloques (antes e despois do descanso) e distribuiranse en distintas mesas temáticas.

Finalmente, neste Simposio, tamén terá lugar a primeira Asemblea Xeral da **Rede Khelidôn** –que se presentou no Simposio de Donostia-, prevista para o primeiro día do Simposio, por a tarde, despois do descanso.

Por o que acabamos de dicir na presentación, os obxectivos xerais do III Simposio son os seguintes:

1. Debatir e chegar a conclusións ao redor dos principais retos que se van plantexando na aplicación do Programa CA/AC sobre os cales temos reflexionado durante os últimos anos.
2. Compartir, a través de comunicacóns, a nosa experiencia –como docentes ou como asesores ou asesoras- na aplicación do Programa CA/AC para introducir a aprendizaxe cooperativa na aula para facela máis inclusiva.
3. Celebrar a primeira Asemblea Xeral da Rede Khelidôn de centros para a aprendizaxe cooperativa.

3. A quen vai dirixido o Simposio e condicións para participar nel

O III SIMPOSIO SOBRE APRENDIZAXE COOPERATIVA vai dirixido a todos os maestros, profesores, e asesores que están participando, ou que participaron en algún dos procesos de formación/asesoramento sobre o Programa CA/AC ("Cooperar para Aprender / Aprender a Cooperar"), cualquera que sexa a etapa deste proceso na que se atopen (etapa de introducción, etapa de xeneralización, ou etapa de consolidación). **Agora ben, animámosvos , non só a asistir ao Simposio, senón a participar activamente nun dos Debates do primeiro día e a contar algunha experiencia (por pequena que sexa) en relación á aprendizaxe cooperativa na aplicación do Programa CA/AC, nunha das mesas de comunicacións do segundo día. Neste caso, recibiredes un "certificado de aproveitamento" e outro "certificado de participación".**

Máis adiante, nesta mesma circular (**apartado 8**), encontraredes algunas ideas sobre o que podes aportar nas comunicacións e algunas orientacións prácticas para facelo.

De todos os modos, o Simposio tamén está aberto a outras persoas –docentes, asesores...– que queiran asistir como oíntes para coñecer o Programa CA/AC e o proceso de formación/asesoramento que se está levando a cabo sobre dito programa. Estas persoas só recibirán un certificado de asistencia.

4. PROGRAMA XERAL

Día 1 de xullo de 2015	
9 – 9'30 h	Chegada e entrega de materiais
9'30 – 10 h	Inauguración do Simposio
10 – 11'30 h	Conferencia inaugural
11'30 – 12 h	Descanso
12 – 14 h	DEBATES PARA AVANZAR (Primeira parte)
	(Pausa para comer)
16 – 18 h	DEBATES PARA AVANZAR (Segunda parte)
18 – 18'30 h	Descanso
18'30 – 20 h	PRIMEIRA ASEMBLEA XERAL DA REDE KHELIDÔN
Día 2 de xullo de 2015	
9 – 10'30 h	Mesas de comunicacións (Primeiro bloque)
10'30 – 11 h	Descanso
11 – 12'30 h	Mesas de comunicacións (Segundo bloque)
12'30 – 14 h	Conclusións do Simposio e acto de clausura

5. Conferencia inaugural

“El desarrollo de sociedades más inclusivas desde la escuela”. A cargo da Dra. Ángeles Parrilla Latas da Universidade de Vigo.

6. DEBATES PARA AVANZAR

Cada un destes debates terá dúas partes: Por a mañá do primeiro día haberá un pequeno relatorio ao redor do tema de debate e presentaranse algunas experiencias. Por a tarde, organizarase un debate con todos os participantes, no que todos os que queiran poderán facer algunha aportación persoal.

Limitarase a 20 o número de participantes en cada debate. No momento da inscrición, cada participante poderá escoller tres opciones, por orden de preferencia. Terase en conta a orde de inscrición e cando nun debate se chegue a 20 inscritos adxudicarase a seguinte opción.

Os debates previstos son os seguintes:

1. O PROCESO DE CONSTRUCIÓN DO PROXECTO DA APRENDIZAXE COOPERATIVA DO CENTRO

Relatores: José Ramón Lago (UVic), Pedro Roa (Berritzegune de Irún), Rosana Díaz (CEIP Nantes. Sanxenxo, Pontevedra)

Testemuños/experiencias: CEIP Pena de Francia. Mos (Pontevedra) e Colegio CIDÉ (Palma, Islas Baleares). Escola La Llàntia (Mataró, Barcelona).

Contido: Cómo podemos ir avanzando na construcción do Proyecto da AC do centro: papel dos asesores, dos coordinadores e da comisión de AC, exemplos de proxectos de AC de centro.

Coordinación do Debate: José Ramón Lago (UVic) e Rosana Díaz (CEIP Nantes. Sanxenxo, Pontevedra)

2. AVALIACIÓN E APRENDIZAXE COOPERATIVA

Relatoras: Mila Naranjo (UVic), Montse López (CEIP La Granada. La Granada, Barcelona), María José López (IES Pino Manso. O Porriño, Pontevedra), y Nieves Dapoza (Centro de Formación e Recursos, Vigo).

Testemuños/experiencias: IES Pino Manso (O Porriño, Pontevedra). Escola La Granada (La Granada, Barcelona). CEIP Parque Europa (Utebo, Zaragoza).

Contido: Profundizarse sobre a avaliação e a aprendizaxe cooperativa nestas tres dimensíons: (a) A avaliação das aprendizaxes curriculares realizadas a través de estruturas cooperativas; (b) A avaliação do contido “traballo en equipo” como unha competencia máis que debemos ensinar e o alumnado debe aprender; e (c) A avaliação e a acreditación da aprendizaxe cooperativa.

Coordinación do Debate: Verónica Jiménez (UVic) e Nieves Dapoza (Centro de Formación e Recursos, Vigo).

3. PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS NA APRENDIZAXE COOPERATIVA

Relatores: Concha Breto (CEIP Parque Europa. Utebo, Zaragoza), María José Nogueira (CEIP de Sobrada. Tomiño, Pontevedra), Carles Rodrigo (Col·legi Sagrada Família. Sabadell, Barcelona)

Testemuños/experiencias: CEIP de Sobrada (Tomiño, Pontevedra); CEIP Parque Europa (Utebo, Zaragoza), Escola Camí de Mig (Mataró, Barcelona).

Contido: Nalgúns centros algunas familias extráñanse da adopción da aprendizaxe cooperativa e incluso algunas teñen protestado por o feito de que os seus fillos deban traballar na clase de esta maneira. Queremos afondar sobre como comunicar e argumentar ás familias a aprendizaxe cooperativa e como podemos facelas participar –e comprender desde a práctica- esta forma de traballar.

Coordinación do Debate: Carles Rodrigo (Col·legi Sagrada Família. Sabadell, Barcelona) e María José Nogueira (CEIP de Sobrada. Gondomar, Pontevedra)

4. A PARTICIPACIÓN NOS EQUIPOS CON ALUMNOS QUE SE ATOPAN CON MAIORES BARREIRAS PARA A APRENDIZAXE

Relatores: Jesús Soldevila (UVic), Mariví Fernández (Berritzegune de Irún); María Teresa Díaz (CEIP Plurilingüe Alexandre Bóveda. Chapela, Redondela, Pontevedra).

Testemuños/experiencias: CEIP A Guia (Moaña, Pontevedra), Down Galicia, Ikastola Bizarain (Rentería, Gipuzcoa).

Contido: O Programa CA/AC naceu, precisamente, para facer posible a inclusión nas aulas comúns do alumnado que se atopa con más barreiras para a participación e a aprendizaxe (debidas a distintos factores: sociais, culturais, funcionais). Pretendemos afondar sobre as distintas estratexias que se teñen ido desenvolvendo para asegurar a participación de todos os membros do equipo, incluso naqueles equipos nos cales algún dos seus membros deba superar maiores barreiras para a aprendizaxe, e a pesar de que o nivel de competencia entre eles sexa moi dispar.

Coordinación do Debate: Jesús Soldevila (UVic) e Maite Díaz (CEIP Alexandre Bóveda. Chapela, Vigo)

5. COMPETENCIAS CLAVE E APRENDIZAXE COOPERATIVA

Relatores: Carmen Vaz (Centro de Formación e Recursos, Vigo), Joxe Mari Arakama (Berritzegune de Lasarte) e Sylvia Mateo (Centro de Profesorado. Alcañiz, Teruel)

Testemuños/experiencias: CEIP A Escardia (Villagarcía de Arousa, Pontevedra), Colegio Salesianos (Urnieta, Guipuzcoa), Colegio Público Bizarain (Renteria, Guipuzcoa), Col·legi Pompeu Fabra (Salt, Girona).

Contido: A aprendizaxe cooperativa amosase como un medio moi eficaz para desenvolver, practicandoas, unha morea de competencias básicas. Preténdese afondar sobre algúns aspectos ao respecto: que competencias están máis relacionadas coa aprendizaxe cooperativa e a través de que estratexias podemos desenvolverlas e avalialas nos equipos de base, nunha estrutura cooperativa da aprendizaxe.

Coordinación do Debate: Carmen Vaz (Centro de Formación e Recursos, Vigo), Manel de la Fuente (Centre de Recursos Pedagògics Vallès Oriental III. Sant Celoni, Barcelona)

6. DA APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO RECURSO Á APRENDIZAXE COOPERATIVA COMO CONTIDO (DAS ESTRUTURAS COOPERATIVAS AO PLAN DO EQUIPO)

Relatores: Pere Pujolàs (UVic), Ferran Juan (Institut de Formació. Palma), Mercedes Coto (CPI de Cova Terreña. Baiona, Pontevedra).

Testemuños/experiencias: CPI de Cova Terreña (Baiona, Pontevedra), Escola Germans Corbella (Cardedeu, Barcelona), Col·legi La Salle (Manlleu, Barcelona).

Contido: Os Ámbitos A e B do Programa CA/AC (cohesión de grupo e o emprego das estruturas cooperativas nas distintas áreas como un *recurso* más para enseñar, respectivamente) son os que más fácilmente se aplican no desenvolvemento de dito programa nos centros escolares. Sin embargo, o Ámbito C (o traballo en equipo como un *contido* a ensinar) atopase con maiores dificultades e resistencias á hora de aplicalo. Neste debate preténdese afondar sobre dito ámbito: como ensinamos a traballar en equipo a través dos instrumentos que o programa nos ofrece: os plans de equipo, o “diario de sesións” e as rúbricas para avalialos.

Coordinación do Debate: Dolors Dorca (La Salle. Manlleu, Barcelona) e Mercedes Coto (CPI de Cova Terreña. Baiona, Pontevedra).

7. APRENDIZAXE COOPERATIVA E AS TECNOLOXÍAS DA APRENDIZAXE E DA COMUNICACIÓN

Relatores: Maria Teresa Segués (UVic), Mercè Juan (CEIP Bernat de Riudemeia. Argentona, Barcelona) e Domingo Fernández (CEIP Sobrada. Tomiño, Pontevedra)

Testemuños/experiencias: CEIP Sobrada (Tomiño, Pontevedra), Escola Soler de Vilardell (Sant Celoni, Barcelona), Muñagorri (Berastegui, Guipuzcua), Ikastola Arrigorriaga (Arrigorriaga, Vizcaya).

Contido: Aumenta o número de centros que relacionan a aprendizaxe cooperativa coas tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación, e que aplican o Programa CA/AC con estas tecnoloxías. Queremos afondar sobre como aplicar as estruturas cooperativas a través de estas tecnoloxías, no só dentro da clase dunha forma presencial, senón tamén fóra dela, dun xeito virtual.

Coordinación del Debate: Jordi Vila (UVic) e Domingo Fernández (CEIP Sobrada. Gondomar, Pontevedra).

8. A COHESIÓN DO GRUPO E DO EQUIPO E A COHESIÓN SOCIAL

Relatores: Gemma Riera (UVic), Mercedes Alfaro (IES Pino Manso. O Porriño, Pontevedra), Natividad Bouzas (Centro de Formación e Recursos, Pontevedra).

Testemuñas/experiencias: Mercedes Alfaro (IES Pino Manso. Porriño, Pontevedra), Escola Les Savines (Cervera, Lleida).

Contido: A cohesión do grupo (que constitúe o Ámbito A do Programa CA/AC) non se reduce a unha serie de actuacións previas para “preparar o terreo” e predispoñer ao alumnado para traballar en equipo. É algo que transcende a estas actuacións e supón unha especie de “inmersión na cooperación”, nuns valores que impregnán actitudes e condutas que marcan ao grupo clase e aos distintos equipos que o compoñen, actitudes e conductas que logo deben manterse na contorna máis próxima do alumnado e que deben contribuir a crear unha comunidade, unha

sociedade, máis xusta, máis solidaria, máis democrática e máis respectuosa coas diferenzas.

Coordinación do Debate: Ariadna Vilarrasa (UVic) e Natividad Bouzas (Centro de Formación e Recursos, Pontevedra).

7. MESAS DE COMUNICACIÓN

Na taboa siguiente especificáñanse as 11 mesas de comunicacións previstas, así como o coordinador ou a coordinadora da mesma e o seu su enderezo de correo electrónico:

Mesa de comunicacións	Coordinador/a	e-mail
1 Educación infantil	Santiago Cadarso Vázquez (CPI de Atios. Valdoviño, A Coruña)	cadarso@edu.xunta.es
2 Educación Primaria	Maria Encarnación Marin Gallego (CEIP de Laredo.Chapela, Redondela. Pontevedra)	mariem@edu.xunta.es
3 Escolas rurais (ZER, CRA...)	Monserrat Varela Losada (CRA Antía Cal. Gondomar, Pontevedra)	mvarela@edu.xunta.es
4 Educación Secundaria Obligatoria	María Natividad Torres Chaves (IES Pontecaldelas. Pontecaldelas, Pontevedra)	axauna@gmail.com
5 Bacharelato	Verónica Cortizo Garrido (CPR Plurilingüe Sagrado Corazón de Jesús, Pontevedra).	veronica.espaciorientacion@gmail.com
6 Ciclos Formativos (Formación Profesional)	Mª Rita López Castro (IES de Catabois. Ferrol, A Coruña)	ritalc@edu.xunta.es
7 Apoyo á inclusión	María Delfina Bañobre Durán (Centro de Formación e Recursos de Ferrol)	delfina@edu.xunta.es
8 Música	Ana Mª Mariño Álvarez (Centro de Formación e Recursos de Vigo)	amaral@edu.xunta.es
9 Educación Física	Ana Isabel Couso (CEIP A Guía. Moaña)	cousodominguez@edu.xunta.es
10 Lingua extranxeira	Domingo Fernández. CEIP Sobrada. Tomiño.	mincas@edu.xunta.es
11 Asesoramento, consolidación e institucionalización da AC	Carmen Vaz Dapía (Centro de Formación e Recursos de Vigo)	cvaz@edu.xunta.es

En cada mesa (tanto no bloque de antes do descanso como no bloque de despois) poderanse presentar catro comunicacións, dispoñendo de 15 minutos para cada comunicación e de 30 minutos para o debate entre os participantes na mesa.

En función do número de comunicacións presentadas a cada mesa poderase suprimir algunha delas, ou ben poderase aumentar o número de espazos para as que reciban más comunicacións.

No momento da matrícula, deberedes indicar en que mesa tedes intención de participar presentando unha comunicación, ou ben a que mesa queredes asistir.

Uns días antes do Simposio os participantes que presenten algunha comunicación deberán mandar a presentación que usarán ao coordinador ou á coordinadora da mesa correspondente.

8. Ideas para as comunicacións e orientacións para a súa presentación

Como pudestes ver, a intención do Comité Organizador do Simposio é lograr que todos os participantes –sexa individualmente ou entre varias persoas- presenten algunha comunicación sobre a súa experiencia, para ser fieles ao máximo ao que é propiamente un Simposio: un encontro entre profesionais para compartir experiencias e debatir sobre temas comúns.

Para facilitarvos esta participación tedes aquí algunas ideas prácticas:

1. Que podedes aportar?

Fundamentalmente, unha pequena experiencia que poida “dar ideas” a outras persoas que participen na mesma Mesa de Comunicacións. Por exemplo:

- Unha dinámica de grupo que che funcionara moi ben á hora de cohesionar o grupo clase.
- Unha estrutura cooperativa que che funciona moi ben para realizar unha determinada actividade (cálculo, lectura, ortografía...).
- Unha estrutura que empregas a miúdo ao acabar unha unidade didáctica para repasar os contidos traballados e preparar o exame.
- Un tema que traballaches cos teus alumnos utilizando unha técnica cooperativa, combinada con algunas estruturas simples.
- Como conseguiches unha determinada cousa que ao principio che custaba moito: que falen en voz baixa, que participen más aqueles que máis lles custa facelo...
- Como superaches un determinado problema á hora de traballar en equipo cos teus alumnos.
- Etc.


2. Como podedes presentalo?

Debes realizar un mínimo de tres diapositivas de power point (ou outro sistema equivalente):

- Unha para presentar o contexto da experiencia: centro, nivel, grupo de alumnos... Nesta primeira diapositiva tamén debe constar o nome e apelidos e dedicación (titor, profesor, asesor...) do autor ou dos autores da comunicación.
- Outra diapositiva para explicar a experiencia.
- E outra para valorala.
- Adicionalmente, se o considerades oportuno. podedes engadir alguma diapositiva máis ou outro material para “ilustrar” a experiencia (algunha fotografía, algunha producción dos alumnos, etc.).

De todos os modos debedes ter en conta que disporedes (por regra xeneral) de 15 minutos para facer a presentación.

9. ASEMBLEA XERAL DA REDE KHELIDÔN



Como se indica no programa xeral, o primeiro día do Simposio, das 18'30 ás 20'00 horas, terá lugar a primera Asemblea Xeral da Rede Khelidôn, que se presentou no II Simposio celebrado en Donostia no mes de xuño de 2013.

Neste primeiro Simposio, despois de que esta Red se legalizou a través da UVic-UCC en cuxo Registro de Asociaciones se está tramitando a inscrición da Rede Khelidôn, imos celebrar o que podemos considerar a ASEMBLEA XERAL CONSTITUÍNTE da Rede. A esta Asemblea poderedes asistir todas as persoas que participedes no Simposio (a título persoal ou en representación dos vosos centros respectivos).

Como sabedes, trátase dunha rede de centros para a aprendizaxe cooperativa, da que poderan formar parte centros e persoas vinculadas a un centro que teñan culminado o proceso de formación/asesoramento sobre o Programa CA/AC e o estean xeneralizando e consolidando nas súas aulas.

Para solicitar a adhesión á dita rede –sexa como centro ou de forma persoal- débese encher a solicitude formal e mandala xunto con unha pequena memoria. Ambos impresos –a solicitude e a memoria- atoparédelos no seguinte enlace, **que estará operativo a partir do día 1 de xuño:**

<https://sites.google.com/site/khelidoncaac/>

Os centros ou persoas interesados deben mandar estes documentos en **formato pdf** ao seguinte enderezo de correo electrónico: khelidon.caac@gmail.com

As personas ou centros que participen nesta asemblea –e que ademáis reúnan os requisitos para formar parte da Rede- que non puideran encher e enviar a solicitude e a memoria antes do Simposio poderán facelo durante o mes de setembro do próximo curso.

Os puntos a tratar nesta Asemblea son os seguintes:

1. Presentación da Rede, dos seus estatutos e da páxina web da mesma.
2. Presentación dos órganos de xestión:
 - Equipo Coordinador de cada zona
 - Comisión Permanente
 - Comisión executiva
3. Ratificación dos órganos colexiados e dos cargos unipersonais, ata a próxima Asemblea.
4. Presentación do Plan de traballo da rede para os próximos dous anos.

10. FORMULARIO DE INSCRICIÓN

Instrucións para a inscrición

A partir do próximo mércores, día 20 de maio, e ata o día 22 de xuño, podedes inscribirvos no III Simposio sobre Aprendizaxe Cooperativa.

Antes de iniciar o proceso de inscrición lede con atención as seguintes instrucións.

Para poder realizar a inscrición debedes ter á man:

- O resguardo da transferencia co importe da matrícula, [en formato pdf](#).
- E ademáis, se presentades unha comunicación, un documento en [formato Word](#) con un resumo da comunicación (con un **máximo de 150 palabras**)

Frente a calquera dúbida sobre o proceso de inscrición podedes dirixirvos a este enderezo de correo electrónico: : khelidon.caac@gmail.com

Para facer a **inscrición en castelán** debedes acudir ao enlace seguinte:

<http://form.jotforme.com/form/51226031975351>

Para facer a **inscrición en catalán** debedes acudir ao enlace seguinte:

<http://form.jotforme.com/form/51274227537355>

Para facer a **inscrición en galego** debedes acudir ao enlace seguinte:

<http://form.jotformpro.com/form/51384841300953>

Para facer a **inscrición en euskera** debedes acudir ao enlace seguinte:

<http://form.jotformpro.com/form/51376048113955>

O formulario de inscrición ten diferentes apartados:

1. Datos identificativos da persoa que se inscribe.

En primeiro lugar hai que facer constar os datos da persoa que se inscribe, algúns dos cales son imprescindibles para poder xerar automáticamente os Certificados de Participación e de Presentación de Ponencias ou Comunicacións.

Moitos dos campos son obligatorios.

2. Matrícula

A continuación danse as instrucións para a matrícula.

Como xa anunciamos, o custo da matrícula é de 10 € que se destinarán a sufragar os gastos xerais do Simposio.

A inscrición non será efectiva ata que no se teña feito o ingreso do importe da matrícula na conta que se indica a continuación

No resguardo da transferencia hai que hacer constar os seguintes datos:

Titular: Fundació Universitària Balmes

Entidade: BANCO BILBAO VIZCAYA ARGENTARIA S.A. (BBVA)

Conta:

IBAN: ES63 0182 6035 4502 0156 2570

BIC: BBVAESMMXXX

Nome: É moi importante facer constar o nome e os apelidos da persoa que se inscribe

Concepto: III Simposio CA/AC

Debedes convertir o resguardo da transferencia nun **documento pdf** para poder “seleccionar o arquivo” desde o formulario de inscrición.

3. Selección do “Debate para avanzar”

Neste apartado do formulario deberedes indicar en primer lugar o tipo de participación. Danse dúas opcións:

- *Primeira opción:* Só asistencia. Neste caso só se emitirá “certificado de asistencia”.
Esta opción ofrécese para dar a posibilidade de asistir como observadores a algunas persoas que poidan estar interesadas en coñecer máis de cerca o Programa CA/AC e como se está aplicando nos centros escolares ou como se está ofertando a través dos centros de profesorado.
Aos que xa vos tedes formado ou ben vos estades formando no Programa CA/AC e de alguhna maneiraxa estades traballando ao redor da aprendizaxe cooperativa –como docentes ou como asesores- pedímosvos que fagades a **segunda opción**.
- *Segunda opción:* Asistencia e participación. Neste caso participípase nun dos debates ou preséntase unha comunicación nunha das mesas de comunicáns. Neste caso, os participantes recibirán un “certificado de aproveitamento” e un “certificado de presentación” dun relatorio ou de unha comunicación.

A continuación, debedes indicar o “Debate para avanzar” no cal queredes participar. Só se poderá participar nun xa que serán simultáneos.

Como sabedes, durante o primeiro día do Simposio temos previsto realizar oito “debates para avanzar” sobre oito cuestións de interese que vimos debatindo durante os últimos anos. Encontraredes información do contido de cada un destes debates e dos relatores ou encargados de organizar o relatorio de cada un deles nesta mesma circular, no **apartado 6**.

No formulario deberedes escoller no despregable o título de **tres** destes debates, por orden de preferencia. **Á hora de adxudicar o taller a cada participante seguirase a orden de inscrición: Cando nun debate se chegue a 20 inscritos, adxudicarase a opción seguinte.**

Finalmente, neste apartado poderedes formular, opcionalmente, algunha dúbida ou algunha cuestión que vos gustaría tratar ao longo do debate. Neste caso, podedes escribir no apartado reservado para elo un breve texto (máximo 50 palabras).

4. Selección da “Mesa de comunicacións”

Como sabedes tamén, boa parte da mañá do segundo día adicarémola á presentación de comunicacións por parte de todos os participantes. Xunto cos “debates para avanzar”, as “mesas de comunicacións” constitúen o eixe fundamental dun simposio: reunímonos (cada dous anos, no noso caso) para debatir sobre cuestións comúns e para compartir a nosa experiencia.

Sin as vosas comunicacións, o nos encontro non sería propiamente un simposio. A vosa participación presentando unha comunicación en algunha destas mesas é moi importante.

Para elo debedes indicar no despregable o título da mesa na cal participaredes. Só podes escoller unha mesa, posto que se celebrarán de forma simultánea.

E a continuación deberedes sinalar en calidade de que participaredes:

- Presentando unha comunicación
- Como asistente

Os que presentedes unha comunicación debedes encher os campos seguintes. Si varias persoas presentades a mesma comunicación, **só unha debe encher os campos restantes:**

- Os autores da comunicación (por orde alfabético do primeiro apellido)
- O título da comunicación.
- O resumo da comunicación. Para elo, deberedes ter a punto outro documento (**en formato Word**) cun breve resumo da comunicación (**máximo de 150 palabras**), para poder **“seleccionar o arquivo”** desde o formulario.

11. Certificados

O Centro de Formación Continua da UVic-UCC emite dous tipos de certificado: Un **certificado de asistencia** para os que só asistiron, e un **certificado de aproveitamento** para os que, ademais de asistir, participaron presentando un relatorio ou unha comunicación, ou coordinando un dos debates ou unha das mesas de comunicacións. Estes, ademais, recibirán un **certificado de presentación** de relatorio ou comunicación.

As persoas que se inscriban antes do día 15 de xuño recibirán o certificado ou os certificados que lles correspondan no propio Simposio. As que se inscriban más tarde, recibirán o certificado ou certificados correspondentes uns días despois da finalización do Simposio.

12. Víaxes e aloxamento

Os gastos da viaxe e o aloxamento correrán a cargo dos participantes.

Na táboa seguinte atoparedes información sobre posibles aloxamentos na cidade de Vigo (ordenados por proximidade ao lugar de celebración do Simposio: Conde Torrecedeira, 88)

ALOXAMENTOS	Prezo (noite/Hab. Dobre (30-06 /1-07)
Eurostars Mar de Vigo Avd. Beiramar 57-59 - 750 m 10 m	57,50 €
Hotel Puerta del Sol Praza Porta do Sol, 14 - 1,6 km 21 m	40,50 €
Hostal la Colegiata Praza da Igrexa, 3 - 1,7 km 22 m	35 € (<i>almorzo gratis</i>)
Hotel Coia de Vigo Sanxenxo, 1 - 1,6 Km 22 m Autobús L5	52,80 € <i>dobre uso individual</i> 60 € <i>dobre</i>
Hotel Vigo Plaza Progreso, 13 - 1,7 km 23 m	32 €
Sercotel Bahía de Vigo Cánovas del Castillo, 24 - 1,8 km 23 m	54 €
Hotel Puerta Gamboa Gamboa, 13 - 1,8 km 23 m	70 €
Hotel Inffinit Marqués de Valladares, 8 ----1,9 km 24 m	70 €
AC Hotel Palacio Universal by Marriot Cánovas del Castillo, 28 - 2 km 25 m	70 €
Hotel Compostela García Olloqui, 5 - 2 km 25m	41,14 € <i>(reservando 15 días antes,</i> <i>se non 48,40 €)</i>
Silken América Vigo Pablo Morillo, 6 - 2,2 km 28 m	69 €
Gran Hotel Nagari Boutique & Spa Plaza de Compostela, 21 - 2,2, km 28 m	100 €
NH Palacio de Vigo García Barbón, 19 - 2,2 Km 28 m	65,60 €
Hotel Náutico Luis Taboada, 28 - 2,3 Km 30 m	34 € <i>(con almorzo)</i>
Hotel Atlántico García Barbón, 35 - 2,3 Km 30 m Autobús C3	39,6 € <i>individual</i> 48 € <i>dobre</i>
Hotel del Mar Luis Tabaoada, 24----- 2,4 km 30 m	32 € <i>(cama 1,35)</i> 36€ <i>(2 camas indv)</i>
Hotel Ciudad de Vigo Concepción Arenal, 5 ---- 2,4 km 30m	70 € <i>(Reserva por booking.com, 60 €)</i>